

Fax:

CIF:



Teléf.: 981 714 000  
981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

**CONCELLO DE PONTECESO**  
Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 04-02-2021**

Celebración do Pleno extraordinario sendo ás 20:00 horas do día 4 de febreiro de 2021, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### **ASISTENTES:**

#### **SR. ALCALDE-PRESIDENTE**

D. Xosé Lois García Carballido

### **SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:**

#### **Polo PSdeG-PSOE:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Noelia Varela Suárez

D<sup>a</sup> María Teresa Chouciño Calvete

#### **Non adscritos**

D. Miguel Ángel González Gómez.

D. Faustino Santiago Lema

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D<sup>a</sup>. Raquel Fondo Pérez

D<sup>a</sup>. Ana Pérez Imia

#### **Polo Partido Popular, PP:**

D<sup>a</sup>. Marta María Carrillo Aguiar

D. Jesús Daniel García Cotelo.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Beatriz Martínez Calvo

#### **Por APIN-SON Ponteceso:**

D. José Manuel Pose Verdes

D. Marco Antonio Varela Vidal

**SECRETARIA : D<sup>a</sup> ANTÍA PENA DORADO**

**INTERVENTORA: D<sup>a</sup>. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ**

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión. A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

**1.- Dación de conta do Certificado da Secretaría de Organización CEP A Coruña en relación o acordo de 25.01.2021 da Comisión da executiva provincial de expulsión do Grupo Municipal Socialista de 5 persoas, a efectos da súa consideración como non adscritos.**

D. Faustino Santiago Lema pide a palabra e le un escrito no que se dirixe á corporación, no que expón que a Comisión da executiva provincial non os quere no partido pero recalca que tampouco queren eles estar nese partido que permite o que está facendo o alcalde, dado que permite os seus continuos atropelos e non merece o seu respecto

Insiste que debe sábelo a corporación e a Secretaria municipal, que a expulsión dos 5 membros do PSOE decretouse nun único escrito, no que non se abriu expediente disciplinario, que non houbo contradición nin motivación, que só hai este escrito que o alcalde leva o pleno e esto incumple o normativa interna do PSOE e a propia lei orgánica de partidos políticos. Solicita ao abeiro do 94.2 do ROF a elaboración por parte de secretaria dun informe, previo requerimento do expediente completo a executiva provincial do PSOE, non caso de que non se emita pide que o resto do pleno non admita este escrito para pasar a condición de non adscritos

Intervén a Secretaria D<sup>a</sup>. Antía Pena Dorado e determina que a petición dun informe pola ¼ dos membros da corporación refírese a cuestións de legalidade que afecten ao ámbito municipal. A expulsión dos señores concelleiros polo PSOE é unha cuestión allea ao funcionamento municipal. Remata decindo que se non están de acordo deben interpor os recursos ou as acción que crean convintes ante a Executiva Provincial pero non corresponde á Secretaria Municipal informar da legalidade da actuación efectuada pola Comisión

**2.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2021” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**

A secretaria le a proposta de alcaldía, que no seu teor literal di:

**“PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2021” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”**

*A Deputación Provincial de A Coruña aprobou as BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2021” cós obxectos: financiamento do pago a provedores, financiamento de gastos correntes, financiamento de investimentos, redución de débeda con entidades financeiras e gasto social extraordinario.*

*Ao Concello de Ponteceso lle corresponden 758.220,34 €, os cales se financian coas seguintes achegas e importes:*

- “achega provincial 2020”: 298.166,06 €

- "achega provincial 2021": 249.466,05 €
- "préstamo provincial 2021": 59.396,68 €
- "achega provincial 2021 extraordinaria" (POS+AD1/2021): 151.191,55 €

Vistos os informes da traballadora social asinados o 12.01.2021 e o 28.01.2021 nos cales se manifesta a necesidade de que os fondos correspondentes á POS+AD1/2021 se destinen ao Plan de Emprego Social (100.000,00 €) e a cubrir a achega municipal ao Servizo de Axuda a Domicilio na modalidade de Dependencia (51.191,55 €)

Visto o informe da intervención sobre gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021 asinado o 28.01.2021 (ANEXO XVI)

Visto que prazo de solicitude do POS + 2021 remata o 05.02.2021 ás 15:00 horas.

Vista a Resolución da Alcaldía número 85/2021, de 5 de febreiro, na que se acordaba participar no POS+ADICIONAL 1/2021 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Visto o requirimento da Deputación da Coruña, de data 18/02/2021 na que nos solicitan a certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo Anexo XV, polo que se dispoña participar no POS+Adicional 1/2021, aceptar expresamente as súas Bases reguladoras e solicitarlle á Deputación a aplicación da achega provincial extraordinaria asignada para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación:

**1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:**

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	151.191,55 €
---	--------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2021</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)</b>
<p>a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.</p> <p>(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)</p>	0,00	0,00	0,00
<p>b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.</p>	0,00	0,00	0,00
<p>c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>	0,00	0,00	0,00

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2021</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)</b>
<p>d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	217.941,13	150.332,08	67.609,05
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	0,00	0,00	0,00
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.	0,00	0,00	0,00
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	0,00	0,00	0,00
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	134.000,00	0,00	134.000,00
<b>T O T A L</b>	<b>351.941,13</b>	<b>150.332,08</b>	<b>201.609,05*</b>

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
-----------------------------------	-----------------------------	--	---

*\* Desta cuantía se solicita á Deputación Provincial de A Coruña a cantidade de 151.191,55 €: 51.191,55 € no apartado d) e 100.000,00 € no apartado h).*

2.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente*

Advirte a Sra Secretaria que posto que a proposta non foi ditaminada, antes do debate e votación debe procederse á ratificación da inclusión da proposición na orde do día por maioría simple

Intervén o señor Pose Verdes e pregunta se se vai debater o Plan Único en dúas partes ou se vai facer conxuntamente.

O Alcalde responde que as proposta van en dous puntos pero o debate vaise unificar nun só .

O señor Pose Verdes indica se lle pode responder a Interventora xa que no Plan Único recóllense unha serie de facturas, pero pregunta se esas facturas requirirían dunha aprobación dun REC polo pleno.

Pide a palabra a Sra Interventora, D<sup>a</sup>. Lucía Mata Rodríguez e confirma que si que deben ir a Pleno eses recoñecementos extraxudiciais.

O señor Pose Verdes conclúe en que son mentiras e máis mentiras do señor Lois.

Toma a palabra o señor García Cotelo e por cuestión de orden pregunta se os non adscritos serían un novo grupo independente polo que esos cinco concelleiros deberían ter palabra, ou forman parte do grupo municipal socialista.

O señor alcalde di que hoxe só se dou a dación de conta dese escrito e conclúe que agora o que lle interesa é saber o sentido do voto de APIN.

Intervén a Secretaria e volve advertir dúas veces, que procede antes de nada a ratificación da inclusión na orde do día da proposición, con carácter previo a calquer debate e votación, sendo a advertencia non atendida polo Sr Alcalde.

O señor Pose Verdes di que aquí hai un problema onde os puntos non pasaron por ningunha Comisión Informativa, e por eso deberá votarse a súa inclusión na orde do día.

O Sr Alcalde non lle responde e dalle a palabra para que inicie o seu debate. O Señor Pose Verdes, voceiro de APIN-SON, recórdalle que o 15 de decembro do 2020 recibíuse unha convocatoria de pleno onde se incluían unha proposta do Plan Único con diferentes obras e con diferentes presupostos. Non entende a qué viña gastar casi 1 millón de euros nunha parroquia ( Brantuas). No pleno do 21 de decembro recorda que non se falou para nada dese tema. O 13 de xaneiro houbo unha reunión da Comisión Informativa na que por non facelas cousas ben non se aprobou a urxencia. Na reunión 19 de xaneiro recorda que se falou de non usar esa partida para gastos xerais, se non que se falou de levar a cabo un plan integral de saneamento do Concello, e

quedouse para unha Comisión Informativa para avaliar os proxectos antes deste Pleno, pero por sorpresa insiste que non houbo tal Comisión Informativa.

O señor Pose Verdes continúa dicindo que trae propostas pedidas por asociacións, e está claro que hai que escoitalas, pero que no Pleno votan os concelleiros. Pregunta se o que pretende o Señor alcalde é dar a ver que a culpa é deles, visto o que acontece nas redes sociais. Insiste que ao Alcalde non lle importa nada Ponteceso, soamente o lle importa o poder. Agora mesmo son tres e non ten a maioría absoluta e recalca que como xa dixo, o único que pode facer o Alcalde é dimitir, porque vai perder cerca dun millón de euros. Agora mesmo nos non podemos revertir nada, xa que esperou ao último momento para traer o POS, e ten que dimitir agora polo ben de todos. Coméntalle aos non adscritos que fagan o posible por un cambio.

O señor Alcalde, referíndose o voceiro do APIN, pídelle seriedade, porque están decidindo se esa proposta se inclúe, e pídelle o sentido do seu voto, dado que esta proposta se vai referir ao gasto social eo desemprego.

O señor Pose Verdes di que según o ROM na primeira intervención non hai que dicir o sentido do voto, senón na segunda intervención.

O alcalde dálle a palabra ao señor García Cotelo, voceiro do PP, que expón que camiou todo o que se debatiu na comisión informativa, xa que por parte do PP pediuse que unha parte q do POS se adicara a obra e non a gasto corrente. Di que non entende o que quere facer e que o PP vai votar en contra de incluír a proposta. Insístelle que se quere xogar así que eles tamén van xogar.

Toma a palabra o sr Alcalde e di que o PP polo menos tivo a sinceridade de dicir que vai votar en contra, que vai votar en contra de adicar 100.000€ ao Plan de Emprego Social e dependencia. Este vai ser o único concello no que o PP vote en contra do POS. Isto prexudica moito a Ponteceso porque di que o único que lle importa é que o alcalde dimita. Referíndose ao voceiro de APIN indícalle que hoxe vense a debater o POS e non a dimisión do Alcalde, dado que eu fun posto aquí pola cidadanía, polo que hasta as novas eleccións municipais eu seguirei sendo Alcalde.

O goberno convocou dúas comisións informativas con propostas, aportando as valoracións que tiñan feitas, pero en dúas reunións para votar o POS, non houbo ningunha proposta de APIN; PP e on adscritos no que se dixera que se se inclúe isto nos votamos a favor. Ao saír das comisións chamei as asociacións, e as propostas que van hoxe e o gasto corrente van vinculadas as propostas das asociacións.

Despois das reunións sacamos 5 memorias valoradas que están aquí de obras pequenas que se poden facer aquí con gasto corrente.

Se non queren votar a favor, abstéñanse e deixen que o goberno consiga 758.000 do POS e 350.000 do plan complementario. Aprobar este plano non prexudica a ninguén, e dicir que non prexudica a Ponteceso. Deixen de pensar que votando en contra van lograr que o Alcalde dimita.

Retoma a palabra o señor Pose Verdes di que si vostede é o Alcalde, vostede ten que buscar os apoios. Se non os consegue pode dimitir porque non ten apoios. Pregunta por qué di que os culpables somos nos, cando é vostede o que non é capaz. De todas formas pide un receso para falar co seu compañeiro e ver cal é o sentido do seu voto.

Reiniciado o Pleno, o Sr Alcalde da a palabra ao voceiro de APIN-SON que indica que en primeiro hai que votar a ratificación da inclusión da orde do día e pregunta se estas dúas partes do Plan Único se é posible que se aprobe unha e outra non, se é posible ou é algo unitario.

Intervén a Sra Interventora e explica que as bases do POS requiren que se tramiten en dúas propostas distintas e posteriormente se acheguen dous anexos diferentes. Os anexos son dous e di que dependerá da Deputación se se aproba un e outro non.

O señor Pose Verdes confirma que o voto de APIN vai ser de abstención, non porque o mereza o Alcalde senón por responsabilidade, pero tamén conclúe que cos votos de APIN non lle chega.

O Sr Alcalde pregunta ao PP se hai algún cambio na súa decisión ao que responden que non hai ningún cambio, e indica que o que ten que facer o cambio é o Sr Alcalde, dado que isto é ingobernable.

O Sr Alcalde dálle a palabra a concelleira D<sup>a</sup>. Ana Pérez Imia que expón que a confianza que temos no Alcalde e nula, dado que existe unha nube turbia e nada de transparencia. Continúa dicindo que vende fume, coa xente de tella, co plan de emprego social, no que por certo indicou que xa estaba todo o mundo contratado. Indica que é a persoa máis traidora que hai, cómo van votar a favor das súa propostas, xa que vostede gaña ou gaña. Se isto no sae adiante é soamente pola súa culpa. Confirma que vai votar en contra

O Sr Alcalde dálle a palabra ao concelleiro D. Miguel Ángel González Gómez que lle recrimina que cando fala de obras solo fala do que do que el fai ou deixa de facer e pregunta se o fai él todo só. No 2019 cando se falou da redacción do POS non falou con ningún dos concelleiros, e escolleunas todas vostede. O primeiro que hai facer nas parroquias e o abastecementos de auga, e non meter todo en aglomerado e poñerse agora co abastecemento.

Interrompe o Alcalde dicíndolle que vaia rematando e que indique o sentido do voto, e xorden vaías interrupcións.

O Sr Alcalde agradece a APIN por absterse, aínda que prefería que votaran a favor, dado que non que pode contar co PP co seu voto en contra nesta proposta.

Continúa dicindo que o 30.05.2021 remata o Plan de emprego social dado que non hai máis crédito.

Neste momento interrompe D Faustino Santiago Lema dicindo que acaba de perder unha subvención do fondo de compensación ambiental de 100.000 e o Sr Alcalde o chama a orde por primeira vez.

Retoma a palabra o Sr Alcalde insistindo na necesidade desta proposta, e implora que deixen as cousas persoais fora da política e se aproben 151.000 euros.

Procédese a votación da inclusión da proposición na orde do día( sen atender á advertencia de Secretaría, dado que se abriu o debate)

Votos a favor: 3 votos a favor (3 do PSOE (Xosé Lois García Carballido, María Teresa Chouciño Calvete e D<sup>a</sup>. Noelia María Varela Suárez)

Votos en contra: 8 votos en contra (5 NA (Miguel Ángel González Gómez, Faustino Santiago Lema, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda) 3 do PP.

Abstencións: 2 abstencións (2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal)

Polo que decae a proposta, elimínase da orde do día.

### **3. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2021”**

O Sr Alcalde dálle a palabra ao Señor Pose Verdes para que inicie o debate, non facendo caso da advertencia de secretaria da necesidade da ratificación da inclusión na orde do día .



Interrompe o señor García Cotelo e recrimínalle ao alcalde que primeiro voten a inclusión na orde do día e despois xa debatirán, manifestando a súa conformidade o Sr Pose Verdes.

O Sr Pose Verdes indica que se van abster na ratificación e por parte do PP indícase que van votar en contra.

O Alcalde di que antes de votar a Secretaria vai ler o contido da proposta:

#### **“PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA**

#### **APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2021”**

#### **ANTECEDENTES**

*Logo de ver as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021 aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e sete de novembro de dous mil vinte (27/11/2020), e publicadas no BOP nº 205 do 1.12.2020 .*

*Logo de ver que o Pleno da Deputación da Coruña, na sesión realizada o 30 de decembro de 2020, aprobou a modificación das ditas Bases, que consiste en modificar as Bases 7 e 9 para regular a utilización do contrato menor nas obras incluídas no Plan, e a Base 12 e os Anexos XV, XVI e XVII para a ampliación do obxecto do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios.*

*Logo de ver o informe sobre a previsión de gastos correntes para o exercicio 2021 da Intervención municipal do 28.01.2021 de acordo co esixido na Base 5.B.2 das reguladoras do Plan.*

*Logo de ver o informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € para as que se aplica financiamento provincial con cargo ao POS+2021, asinado por a Intervención municipal con data 14.01.2021*

*Logo de ver o proxecto da **Obra de Mellora do Vial Couto-Cerezo**, redactado polo enxeñeiros de Camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, con número de colexiado 22.992 en xaneiro de 2021 por un importe de 47.339,39 € (ive engadado) e un prazo de execución de 6 meses; Memoria de Alcaldía (Anexo VII) en relación co investimento financeiramente sostible do 29.01.2121; informe da intervención municipal do 29.01.2021 de que o investimento é financeiramente sostible (anexo VIII) informe técnico (Anexo V) do arquitecto técnico Ernesto Fernando Calvo Pérez do 29.01.2021 para o investimento indicado do e informe técnico xurídico (Anexo VI) asinado por o técnico municipal e secretaria municipal o 29.01.2021 e 1.02.2021*

*Logo de ver o proxecto de **Mellora do acceso ao núcleo rural histórico de Balarés, Poteceso**, redactado polo arquitecto Maximino Manuel Aguiar Baña, colexiado COAG 3697 e o enxeñeiro técnico Martín Lema Pose, colexiado Coeticor 2343, en maio do 2018 por un importe de 69.000 € (ive engadado) e un prazo de execución de 8 meses; Memoria de Alcaldía (Anexo VII) en relación co investimento financeiramente sostible do 29.01.2121; informe da intervención municipal do 29.01.2021 de que o investimento é financeiramente sostible (anexo VIII) informe técnico (Anexo V) do arquitecto técnico Ernesto Fernando Calvo Pérez do 29.01.2021 para o*

investimento indicado do e informe técnico xurídico (Anexo VI) asinado por o técnico municipal e secretaria municipal o 29.01.2021 e 1.02.2021

Logo de ver o proxecto da **Obra de Viario de Niñóns a Nemeño por os Ánxeles e outros**, redactado polo enxeñeiro de Camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, con número de colexiado 22.992 en xaneiro de 2021 por un importe de 310.110,16 € (ive engadado) e un prazo de execución de 6 meses; Memoria de Alcaldía (Anexo VII) en relación co investimento financeiramente sostible do 29.01.2021; informe da intervención municipal do 29.01.2021 de que o investimento é financeiramente sostible (anexo VIII) informe técnico (Anexo V) do arquitecto técnico Ernesto Fernando Calvo Pérez do 1.02.2021 para o investimento indicado do e informe técnico xurídico (Anexo VI) asinado por o técnico municipal e secretaria municipal o 1.02.2021.

Tendo en conta o artigo 22 da Lei 7/85 reguladora de bases de réxime local, así como o artigo 64 da Lei 5/97 de administración local de Galicia,

#### **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

##### **A) Financiamento do pago a provedores:**

	<b>Capítulo II</b>	<b>Capítulo VI</b>	<b>Total</b>
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	196.613,36€	57.898,59€	254.511,95€*
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>196.613,36€</b>	<b>57.898,59€</b>	<b>254.511,95€*</b>

**\*DESTA CUANTÍA A DEPUTACIÓN FINANCIÁ ÚNICAMENTE 250.826,67 €** (188.460, 16 € pago a provedores obrigatorio (sumatorio de facturas de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído) imputables aos capítulos 2 e 6, con data de rexistro de entrada ata 30.06.2020 inclusive) + (62.366,51 € pago a provedores voluntario (LÍMITE: 25% da achega provincial 2021))

##### **B) Financiamento de gastos correntes:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	249.466,05 €
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>249.466,05 €</b>

##### **C) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2021</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>

<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>			

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concell o</b>	<b>Orzamento total</b>
<i>Denominación da obra ou subministración</i>			
Mellora do Vial Couto -Cerezo	47.339,39€		47.339,39 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>47.339,39€</b>		<b>47.339,39 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

<b>Entidade financeira</b>	<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda</b>
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	

**E) Resumo:**

<b>SUBTOTALS</b>		<b>Deputación</b>	<b>Concell o</b>	<b>Total</b>
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2020</b>	250.826,67 €		250.826,67 €
	<b>Achega 2021</b>			
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2021</b>	249.466,05€		249.466,05€
	<b>Achega 2020 (Excep. Base 2.2)</b>			
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2021</b>			
	<b>Achega 2020</b>	47.339,39 €		47.339,39 €
<b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2021</b>			

<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2021</b>	249.466,05 €		249.466,05 €
	<b>Achega 2020</b>	298.166,06		298.166,06€
	<b>Préstamo 2021</b>			
	<b>TOTAL</b>	<b>547.632,11€</b>		<b>547.632,11€</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Mellora do acceso ao núcleo rural histórico de Balarés, Poteceso	69.000 €
Obra de Viario de Niñóns a Nemeño por os Ánxeles e outros,	310.110,16 €
<b>TOTAIS</b>	<b>379.110,16 €</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Toma a palabra o Alcalde e di que o PSOE vai sempre votar a favor, e se destinen os fondos ao que se tenen que destinar, sendo interrompido polo PP que dí que únicamente hai que votar a ratificación e despois debatirase, e o Sr García Cotelo pide que conste en acta que o Sr Alcalde non cumpre o ROF. Neste momento é chamado a orde dúas veces sendo advertido que na terceira chamada a orde poderá ser expulsado.

Interrompe o señor Eiroa Ameijenda o cal é chamado a orde por primeira vez..

O Alcalde explica as obras que non se van poder facer se non se aproba a inclusión na orde do día, pero é interrompido por Sr García Cotelo que indica que o Alcalde non respeta o ROM, e nese momento é chamado a orde por terceira vez e expulsado da sala.

Continúa o Sr Alcalde que explica cal será o resultado do voto en contra e todo que se vai perder para Ponteceso, impedindo obras, gastos correntes como abastecemento de auga.....

Interrompe a concelleira Dna Ana Pérez Imia dicindo que está incumplindo o ROM, procedendo o debate e no procedendo á votación da ratificación da proposta ou non , sendo chamada a orde por dúas veces.

Votos a favor de incluír a proposta na orde do día ( faise constar que non se atendeu a advertencia de secretaría de que procedía a ratificación antes de ningún debate).

Votos a favor: 3 votos a favor (3 do PSOE (Xosé Lois García Carballido, María Teresa Chouciño Calvete e D<sup>a</sup>. Noelia María Varela Suárez)

Votos en contra: 7 votos en contra (5 PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda) 2 do PP.

Abstencións: 2 abstencións (2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal)

Polo que decae a proposta, elimínase da orde do día.

Toma a palabra o non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 21 horas e 20 minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria , asinandoa xunto co Sr. Alcalde.

O alcalde-presidente

A Secretaria

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido.

Asdo; D<sup>a</sup>.Antía Pena Dorado